

BASES E CONVOCATORIA DAS SUBVENCIÓNS MUNICIPAIS PARA ENTIDADES DEPORTIVAS DO CONCELLO DE MEIS PARA O ANO 2023

1.- DISPOSICIÓNS XERAIS

Estas **bases** teñen por obxecto establecer os **criterios** e o **procedemento** para conceder as subvencións municipais, de acordo cos principios de publicidade, libre concorrência e igualdade, para a fomentar as actividades que no eido deportivo promovan clubs e entidades sen fins de lucro, que complementen ou suplan as atribuídas á competencia municipal, ou que, en xeral, contribúan ó fomento dos intereses xerais ou sectoriais dos veciños do Concello de Meis.

Os fins indicados anteriormente efectuaranse de conformidade coa normativa aplicable e, en especial, coa prevista na Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións, no Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei xeral de subvencións, na Lei 9/2007 de subvencións de Galicia e no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei de subvencións de Galicia.

O procedemento para a concesión destas subvencións será en réxime de concorrência competitiva.

2.- BENEFICIARIOS

Poderán solicitar as subvencións reguladas nas presentes bases todas as fundacións, asociacións e entidades deportivas validamente constituídas, sen ánimo de lucro, con personalidade xurídica e que reúnan os seguintes requisitos:

- Que carezan de fins de lucro.
- Que teñan o seu domicilio social no Concello de Meis.
- Que realicen actividades de interese municipal.
- Que se atopen inscritas no Rexistro Municipal de Asociacións e Clubes.
- Que non teñan pendente de xustificar ningunha subvención concedida polo Concello de Meis.
- Que estean ó corrente das obrigas tributarias.

3.- GASTOS SUBVENCIONABLES

Serán gastos subvencionables os que de xeito determinado correspondan ao funcionamento da entidade solicitante e sexan ocasionados pola actividade propia desta, así como os motivados pola participación ou organización de actividades deportivas.

Estes gastos poderán ser, entre outros, gastos de pagamento de licenzas federativas, gastos por competicións, arbitrxes, adestradores, compras de material deportivo, produtos básicos de farmacia/primeiros auxilios, agasallos, trofeos, etc.



En xeral serán subvencionables todos os gastos ocasionados polo funcionamento da entidade deportiva para o cumprimento dos seus fins ao longo do ano 2023, quedando excluídos os gastos por investimento en instalacións deportivas (obras).

4.- FINANCIAMENTO

As axudas para estes fins outorgaranse con cargo á aplicación 341.48005 do orzamento do Concello de Meis para o 2023 ata o límite de 18.000,00€.

5.- CONTÍA E LÍMITE DAS SUBVENCÍONS

O importe total máximo destinado a estas subvencións distribuirase entre todas as entidades deportivas que, por reunir os requisitos esixidos nestas bases para ser beneficiaria, sexan admitidas a participar no procedemento de concesión das subvencións, en función da puntuación acadada no proceso de avaliación que se realizará de acordo cos criterios previstos nestas bases.

O importe total da convocatoria distribuirase entre a suma total de puntos acadados pola totalidade das solicitudes admitidas, obtendo desta forma o valor unitario do punto. A subvención para cada entidade calcularase multiplicando o valor unitario do punto polos puntos obtidos en cada caso.

A Contía máxima a conceder a cada beneficiario non poderá superar os 9.000,00€, e a subvención non poderá exceder o custo da actividade ou actividades aos que se aplique, incluíndo no cálculo todas as subvencións percibidas polo beneficiario para a mesma finalidade.

En ningún caso o importe da subvención poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con subvencións ou axudas doutras administracións públicas ou outros entes públicos, supere o custo total das actividades a desenvolver polo beneficiario.

A subvención poderá ser revisada, unha vez coñecido o financiamento do gasto a través de achegas complementarias de axudas doutras entidades así como, de ser o caso, outros ingresos.

As entidades quedarán obrigadas a comunicar calquera achega económica institucional ou privada que reciban con destino á actividade solicitada.

6.- DOCUMENTOS PARA A SOLICITUDE

As entidades que concorran a esta convocatoria deberán presentar unha única solicitude asinada polo/a representante legal da entidade deportiva.

A solicitude e a documentación complementaria, segundo modelo normalizado, presentarase exclusivamente por medios electrónicos, en cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC), a través da sede electrónica do Concello de Meis, por calquera dos mecanismos de identificación



admitidos na sede electrónica. Debendo, así mesmo, proceder a súa sinatura a través dos mecanismos admitidos na sede electrónica (<https://meis.sedelectronica.gal>).

A mera presentación da solicitude suporá que as entidades solicitantes coñecen e aceptan as presentes bases da convocatoria.

As solicitudes formalizaranse no modelo normalizado (ANEXO I), achegando ademais a seguinte documentación:

- a. CERTIFICACIÓN da federación correspondente en que conste que a entidade solicitante se atopa na actualidade de alta e con actividade propia.
- b. CERTIFICACIÓN da federación correspondente onde conste o número de fichas federativas expedidas e desagregadas por categorías.
- c. CERTIFICACIÓN da categoría na cal militaron os distintos equipos da entidade.
- d. CERTIFICACIÓN do/da presidente/a da entidade onde conste o número de adestradores/as titulados que imparten os adestramentos nas distintas categorías, acompañada das copias dos seus títulos.
- e. MEMORIA deportiva, asinada polo/a presidente/a do club onde se describan as actividades a realizar, competicións nas que participa, resultados, títulos, así como a memoria de actividades da escola deportiva (ANEXO II).
- f. MEMORIA económica, asinada polo/a presidente/a da entidade deportiva, onde se detallen os gastos e ingresos anuais (ANEXO III).
- g. CERTIFICADOS de estar ó corrente nas obrigas tributarias estatais e autonómicas e da Seguridade Social, así como de non ter débedas co Concello de Meis.

En caso de que a solicitude presentada, acompañada coa documentación que se pide nestas bases, non reunise os requisitos da convocatoria ou calquera dos previstos na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, requirirase ó interesado para que, nun prazo de 10 días hábiles, emende as faltas ou presente os documentos preceptivos, indicándolle que, en caso de non facelo, considerárase que desiste da súa solicitude, arquivándose a mesma sen máis trámites.

7.- LUGAR E PRAZO DE SOLICITUDES

As entidades interesadas poderán solicitar as subvencións no prazo de **quince (15) días naturais** contados a partir do día seguinte ó da publicación da convocatoria no boletín oficial da provincia.

A solicitude e a documentación correspondente presentaranse no Rexistro Xeral do Concello de Meis ou en calquera das formas previstas na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas.



8.- REQUISITOS

As actividades subvencionables deberán impartirse ou desenvolverse no Concello de Meis e/ou deberán estar destinadas ás/ós Meisinas e Meisinos.

Aquelas actividades que, sendo propostas por algunha asociación, xa estean programadas para ser realizadas polo concello de forma directa dentro da mesma anualidade, non serán subvencionables, nin tampouco aquelas actuacións ou actividades que sexan coincidentes, dentro do mesmo ano natural, entre 2 ou máis asociacións ou entidades.

Tampouco serán subvencionables excursións, viaxes culturais nin gastos de comidas e bebidas.

Á hora de determinar a contía final da subvención teranse en conta os ingresos que, por calquera outro concepto, perciban os beneficiarios das arcas municipais, podendo o órgano competente minorar a contía da subvención nun tanto igual ó percibido por outros conceptos.

9.- CRITERIOS PARA A CONCESIÓN

Os criterios que se terán en conta para a concesión das subvencións e para determinar a súa contía serán os seguintes:

1. Número de ADESTRADORES/AS TITULADOS/AS con licencia en vigor: MÁXIMO 15 puntos, puntuándose só a titulación máis alta de cada adestrador.

CATEGORÍA	PUNTUACIÓN
Monitor/a	1 punto
Adestrador/A nivel I, II, rexional, territorial ou provincial, técnico/a deportivo/a en actividade física	5 puntos
Adestrador/a nacional	10 puntos
Licenciado/a-Graduado/a en ciencias da actividade física e o Deporte	10 puntos

2. Número de FICHAS FEDERATIVAS dadas de alta a partir da categoría de XUVENIL (incluída): 1 punto por ficha para a categoría masculina e 1 punto máis a maiores para as fichas femininas, ata un MÁXIMO de 125 puntos. Para a súa xustificación será necesario achegar certificación ou documento oficial da correspondente federación.

3. Número de CATEGORÍAS DEPORTIVAS en competición da entidade, a partir da categoría de XUVENIL (incluída): 5 puntos por categoría ata un MÁXIMO de 25 puntos. Para a súa xustificación será necesario achegar certificación ou documento oficial da correspondente federación.

CATEGORÍA	PUNTUACIÓN
XUVENIL	10 puntos
SENIOR	10 puntos
VETERANOS	5 puntos



4. NIVEL DE COMPETICIÓN. Valorarase, en cada caso, o nivel en que está competindo cada categoría, ata un MÁXIMO de 25 puntos, de acordo cos seguintes criterios:

CATEGORÍA	1ª	2ª	3ª
NIVEL DE COMPETICIÓN			
COMARCAL	5 puntos	3 puntos	1 punto
PROVINCIAL	10 puntos	5 puntos	3 punto
AUTONÓMICA	10 puntos	5 puntos	3 punto
NACIONAL	15 puntos	10 puntos	5 puntos
INTERNACIONAL	15 puntos	10 puntos	5 puntos

5. Funcionamento de ESCOLAS DEPORTIVAS. Valorarase, en cada caso, a promoción do deporte nas categorías de PREBENXAMÍN a CADETES (ou denominacións semellantes), ambas incluídas, ata un MÁXIMO de 150 puntos, de acordo cos seguintes criterios:

- Número de fichas federativas dadas de alta: 1 punto por ficha ata un MÁXIMO de 100 puntos. Para a súa xustificación será necesario achegar certificación ou documento oficial da correspondente federación.
- Número de categorías deportivas en competición da entidade: 5 puntos por categoría ata un MÁXIMO de 25 puntos. Para a súa xustificación será necesario achegar certificación ou documento oficial da correspondente federación.
- Nivel de competición: valorarase, en cada caso, o nivel en que está competindo cada categoría, ata un MÁXIMO de 25 puntos, cos mesmos criterios descritos no apartado 4 anterior das actividades incluídas no eido deportivo.

6. Colaboración con outras entidades e/ou asociacións na promoción e realización de EVENTOS SOLIDARIOS: por cada actuación 2 puntos, ata un MÁXIMO de 10 puntos.

7. PATROCINIOS deportivos: no caso de deportes minoritarios ou individuais e para aqueles deportistas meisinas e meisinós que sobresaian de forma excepcional na súa faceta deportiva, a comisión avaliadora poderá valorar a posibilidade de que o Concello de Meis patrocine, en todo ou en parte, algunha actividade deportiva na que participe, previa solicitude do deportista.

10.- COMISIÓN AVALIADORA

A comisión avaliadora estará formada pola Alcaldesa, o concelleiro/a de área, o concelleiro/a de contas e dous funcionarios municipais, dos cales un deles actuará como secretario/a, previa revisión das solicitudes presentadas e a valoración realizada por técnicos/funcionarios municipais.

Esta comisión avaliadora, de xeito excepcional, poderá valorar as solicitudes presentadas por entidades que non se encadren totalmente en ningún dos apartados sinalados neste punto das bases e, de ser o caso, propoñer a concesión dunha axuda, cos criterios que considere que máis se axusten á solicitude presentada, sempre que a actividade se considere de interese xeral.



Así mesmo, poderá valorar de xeito excepcional, previa solicitude da entidade e/ou asociación correspondente, a inclusión de actividades e/ou patrocinios inicialmente non incluídos na memoria inicial, sempre que se xustifique a imposibilidade desa inclusión inicial ou que sexan considerados de interese xeral e/ou teñan relevancia para o Concello de Meis.

11.- ESTUDO E RESOLUCIÓN DE SOLICITUDES

Rematado o prazo de presentación de solicitudes, procederase á baremación das mesmas segundo a documentación presentada, e á repartición do total da axuda entre as entidades solicitantes, proporcionalmente á puntuación obtida na baremación, establecéndose como límite máximo por entidade a cantidade de 9.000,00€.

Unha vez que se realicen todos os trámites relacionados con cada solicitude, a comisión avaliadora elaborará, unha proposta de resolución que, previo informe da Intervención municipal, será resolta polo órgano competente no procedemento, concedendo ou denegando definitivamente a subvención.

Na resolución, de ser esta positiva, farase constar a contía da subvención concedida, a forma de pagamento, o programa afectado e as condicións nas que se outorga, así como a comunicación do ingreso, en concepto de anticipo por xustificar, do 50% da axuda concedida, anticipo que se xerará automaticamente para todas as entidades e/ou asociacións solicitantes unha vez sexa aprobada a concesión polo órgano competente. Non se esixirá garantía polo pagamento anticipado da subvención.

A concesión deberá ser notificada ás persoas beneficiarias. Asemade, publicarse no taboleiro de anuncios e na web do Concello de Meis a relación das axudas concedidas, nos termos previstos no artigo 18 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

Toda alteración das condicións que fosen tidas en conta para a concesión da subvención, ou a obtención concorrente doutras subvencións ou axudas para a mesma finalidade poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión. De non se resolver expresamente esta convocatoria no prazo de UN MES, contados a partir do día seguinte ó remate do prazo de presentación de solicitudes, entenderase desestimada.

A resolución pon fin á vía administrativa, e contra ela, sexa expresa ou presunta, poderanse interpor os recursos que correspondan.

12.- XUSTIFICACIÓN

Os beneficiarios da subvención do Concello de Meis deberán xustificar a execución das actividades para as que solicitaron a subvención **ANTES do 30 de NOVIEMBRE** do ano en curso.

No caso de que se xustifique un gasto inferior ó orzamento inicial das actividades presentado coa solicitude, a comisión avaliadora poderá revisar a axuda concedida, tendo en conta as actividades realmente realizadas.



Deberase acompañar a seguinte documentación:

- INSTANCIA, asinada polo presidente da entidade e dirixida á Ilma. Alcaldesa-Presidenta do Concello de Meis, no que declare que a subvención concedida se destinou efectivamente para os fins para os que foi concedida e no que solicite o seu pagamento no número de conta corrente indicada na solicitude (ANEXO IV).
 - CONTA XUSTIFICATIVA DOS GASTOS realizados que se presentan como xustificantes da subvención outorgada. Esta relación deberá constar asinada polo representante da entidade (ANEXO V).
 - FACTURAS por importe, como mínimo, da subvención concedida, debendo estar expedidos a nome da asociación. As facturas deben ser orixinais ou fotocopias compulsadas e teñen que estar datadas no ano obxecto da subvención. Así mesmo, deberán cumprir os requisitos establecidos para a súa expedición no Real decreto 1619/2012, de 30 de novembro, polo que se regulan as obrigas de facturación. Non se admitirán "recibís" por gastos de desprazamento nin albaráns. Deberá acompañarse un listado comprensivo da facturas que se presenten (conta xustificativa). Xunto coas facturas a entidade beneficiaria debe achegar os xustificantes bancarios que acrediten o pago das mesmas.
- Si existisen outros ingresos ou subvencións que financien a actividade subvencionada, deberá incluírse a indicación do importe e da súa procedencia.
- DECLARACIÓN XURADA de non ter obtido axudas doutras entidades públicas ou privadas para a realización das actividades expostas. Se se obtiveron subvencións doutros organismos para a mesma finalidade, deberá achegarse fotocopia desa concesión. (ANEXO VI)
 - Certificados expedidos pola Axencia Estatal da Administración Tributaria, Facenda da Xunta e pola Tesourería Territorial da Seguridade Social nos que se acredite o cumprimento das obrigas tributarias e das da Seguridade Social.

De non se presentar a xustificación dentro do prazo establecido nestas bases, entenderase que se desiste da petición realizada. Así mesmo, se se estimase que a xustificación presentada é insuficiente, o concello requirirá a asociación para que, no prazo de 10 días naturais, proceda a emendar os defectos apreciados. O feito de que transcorra este prazo sen que se produza a emenda requirida ocasionará a revogación da subvención e, en consecuencia, a falta de pagamento da mesma. Unha vez que se xustifique correctamente a subvención, a cantidade concedida ingresarase na conta corrente indicada polo titular da asociación ou entidade subvencionada.

13.- OBRIGAS DOS BENEFICIARIOS

- a) Levar a cabo as accións e actividades para as que se solicitou a axuda.
- b) Comunicar previamente, e por escrito, calquera eventualidade que se produza na realización das actividades.



c) Someterse ás actuacións de seguimento, control e inspección que o concello considere oportunas.

d) Responder legalmente sobre a falta de veracidade dos datos expostos ou do incumprimento das presentes bases.

e) Acreditar debidamente a realización das actividades e cumprir os requisitos de xustificación que se establecen nas presentes bases.

f) Facer constar en todo tipo de publicidade que realicen da actividade, e en lugar destacado, que a actividade está "subvencionada polo Concello de Meis".

No caso das equipacións deportivas, o lema "Concello de Meis" debe figurar nunha zona visible das camisetas.

O incumprimento destas cláusulas comporta a perda inmediata do dereito á subvención.

14.- CONTROL DA SUBVENCIÓN

Os beneficiarios das subvencións quedarán sometidos ás responsabilidades e réxime sancionador establecido na Lei xeral de subvencións 38/2003, no seu Regulamento 887/2006, na Lei xeral orzamentaria 47/2003 e demais normas concordantes, isto é, na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, do Tribunal de Contas e Lei ordinaria do Consello de Contas de Galicia, así como na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no que lle sexa de aplicación.

15.- COMPROMISOS

Os beneficiarios das subvencións, unha vez que as aceptan, quedan obrigados a destinar os fondos percibidos para o obxecto concreto para o que foron concedidos.

Os beneficiarios, ademais de realizar a actividade que fundamenta a concesión da subvención nos prazos sinalados, someteranse ás actuacións de comprobación e seguimento de aplicación da subvención por parte do Concello de Meis. A obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións públicas, entidades ou persoas físicas poden dar lugar á modificación da resolución de outorgamento.

16.- REINTEGRO DE SUBVENCIÓNS

No caso de incumprimento do obxecto, condicións ou finalidade de carácter prepagable ou ausencia e xustificación das mesmas nos termos recollidos na ordenanza reguladora das bases xerais e nas presentes bases, o concello esixiralles as persoas xurídicas beneficiarias da mesma o reintegro das cantidades correspondentes.

17.- INTERPRETACIÓN



Calquera dúbida que puidese xurdir en torno á interpretación destas bases será resolta polo persoal da Secretaría/Intervención do concello.

18.- RECURSOS

Contra o acordo de concesión ou denegación, que esgota a vía administrativa, os interesados poderán interpor RECURSO DE REPOSICIÓN ante o órgano correspondente no prazo de 1 mes a partir do día seguinte ó da recepción da resolución polo solicitante, segundo dispoñen os artigos correspondentes da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, ou ben directamente interpor RECURSO CONTENCIOSO~ADMINISTRATIVO, no prazo de 2 meses, ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

19.- DEREITO SUPLETORIO

Para o non disposto nas presentes bases, rexerá o establecido nas bases de execución do orzamento xeral do Concello de Meis, na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións (BOE número 276, do 18/11/2003), no Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, así como na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no que lle sexa de aplicación, e demais lexislación aplicable.



20.-. ANEXOS:

ANEXO I. FORMULARIO DE SOLICITUDE

ANEXO II. MEMORIA DEPORTIVA

ANEXO III. MEMORIA ECONÓMICA

ANEXO IV. DECLARACIÓN RESPONSABLE E SOLICITUDE DE PAGAMENTO

ANEXO V. CONTA XUSTIFICATIVA

ANEXO VI. DECLARACIÓN XURADA



ANEXO I: FORMULARIO DE SOLICITUDE

NOME DA ENTIDADE DEPORTIVA:	
ENDEREZO:	
CIF DA ENTIDADE:	TELÉFONO:
FAX:	CORREO ELECTRÓNICO:
NOME DO REPRESENTANTE:	
CARGO DIRECTIVO:	
NIF DA PERSOA REPRESENTANTE:	TELÉFONO MÓBIL:

A persoa ou entidade solicitante **DECLARA BAIXO A SÚA RESPONSABILIDADE:**

- 1.- Que coñece e acepta integramente o contido das bases desta convocatoria, cumprindo a totalidade de requisitos que nelas se recollen.
- 2.- Que en cumprimento do artigo 25 do Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, non ter incumprida ningunha obriga por reintegro de subvencións.
- 3.- Que a entidade solicitante comprométese ao cumprimento das obrigas das persoas beneficiarias de subvencións, establecidas no artigo 14 da Lei 38/2003, de 17 de novembro.
- 4.- Non estar incurso en ningunha das causas de prohibición legalmente establecidas para a percepción de axudas ou subvencións públicas.
- 5.- Asumir o compromiso de destinar a subvención á finalidade prevista.

SOLICITA,

A concesión de axuda dentro da convocatoria regulada nas bases de subvencións a entidades deportivas do Concello de Meis para o 2023, de acordo cos criterios establecidos no artigo 9 das bases.

DECLARA que para estes gastos:

- Non se solicitou ningunha axuda.
- Si se solicitou axudas:

ORGANISMO (Entidade pública ou privada)	IMPORTE SOLICITADO	IMPORTE CONCEDIDO

DOCUMENTACIÓN (A presentar con esta solicitude)

- Fotocopia da tarxeta de identificación fiscal da entidade solicitante e fotocopia do DNI da persoa representante.



- Certificación da federación correspondente en que conste que a entidade solicitante se atopa na actualidade de alta e con actividade propia.
- Certificación de estar ao corrente nas súas obrigas tributarias (AEAT e Atriga) e coa seguridade Social.
- Certificación da federación correspondente onde conste o número de fichas federativas expedidas e desagregadas por categorías.
- Certificación da categoría na cal militaron os distintos equipos da entidade.
- Certificación do/da presidente/a da entidade onde conste o número de adestradores/as titulados que imparten os adestramentos nas distintas categorías, acompañada das copias dos seus títulos.
- Memoria deportiva asinada polo/a presidente/a da entidade onde se describan as actividades realizadas e as competicións nas que participou, nº deportistas participantes, así como, dos resultados xerais, títulos e clasificacións obtidas.
- Memoria de actividades da escola deportiva.
- Memoria económica, asinada polo/a presidente/a, onde se detallen os gastos e ingresos anuais.

Sinatura do/a representante

En Meis, o ____ de _____ de 20__



ANEXO II: MEMORIA DEPORTIVA

DESCRIPCIÓN DAS ACTIVIDADES REALIZADAS E COMPETICIÓN NAS QUE PARTICIPOU:

Nº DEPORTISTAS PARTICIPANTES:

RESULTADOS XERAIS, TÍTULOS E CLASIFICACIÓN OBTIDAS:

MEMORIA DE ACTIVIDADES DA ESCOLA DEPORTIVA:

En Meis, o __ de _____ de 20__

Asdo.

O/A PRESIDENTE/A

SRA. ALCALDESA - PRESIDENTA DO ILMO. CONCELLO DE MEIS



ANEXO III: MEMORIA ECONÓMICA

Estado de gastos.

	CONCEPTO	IMPORTE
1		
2		
3		
4		
5		
6		
7		
8		
9		
10		
	GASTOS TOTAIS	

Estado de ingresos.

	CONCEPTO	IMPORTE
1	Subvencións solicitadas a outras administracións	
2	Achegas propias do solicitantes (incluído patrocinios)	
3	Subvención solicitada ao Concello	
4		
	INGRESOS TOTAIS	

En Meis, o ____ de _____ de 20____
Asdo.

O/A PRESIDENTE/A

SRA. ALCALDESA - PRESIDENTA DO ILMO. CONCELLO DE MEIS



ANEXO IV: DECLARACIÓN RESPONSABLE E SOLICITUDE DE PAGAMENTO

D/ Dna:

DNI:

Como representante da entidade:

CIF:

en relación coa subvención concedida polo Concello de Meis ó abeiro das bases de concesións de subvencións municipais a entidades deportiva do Concello de Meis convocadas para o ano 2023,

DECLARA,

1. Que nin a/o asinante da declaración, nin a entidade á que represento, nin ningún dos seus administradores ou representantes, están incurso en suposto ningún dos que se refire o artigo 13 da Lei Xeral de Subvencións Públicas.
2. Que non forma parte dos Órganos de Goberno ou Administración da entidade ningún membro que se atope nos supostos recollidos na Lei 53/1984, do 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas ou tratarse de calquera dos cargos electivos regulados na Lei Orgánica 5/1985, do 19 de xuño, do réxime electoral xeral, nos termos establecidos na mesma.
3. Que a entidade atópase inscrita no Rexistro Municipal de Asociacións e que as circunstancias da entidade que nel figuran respecto dos requisitos esixidos para as subvencións do Concello de Meis son exactas e non experimentaron variación.
4. Que os gastos totais imputados á devandita subvención son reais e que esta se destinou ós fins para a que foi outorgada, cumprido a finalidade para a que foi concedida a axuda.
5. Que a totalidade de axudas e subvencións recibidas para a actividade subvencionada non supera a totalidade dos gastos efectivamente realizados para a execución de cada unha delas.

Polo tanto, **SOLICITA** o pagamento do importe concedido en virtude desta subvención no número de conta corrente (incluír IBAN): *(Achegar certificado expedido pola entidade bancaria do nº de conta para o pagamento)*

_____ - _____ - _____ - _____ - _____ - _____

E, para que conste para os efectos oportunos, asina a presente declaración en Meis, o ____ de _____ de 20__

Asdo.

SRA. ALCALDESA - PRESIDENTA DO ILMO. CONCELLO DE MEIS



ANEXO V. CONTA XUSTIFICATIVA

NOME DA ENTIDADE DEPORTIVA:	
ENDEREZO:	
CIF DA ENTIDADE:	TELÉFONO:
NOME DA PERSOA REPRESENTANTE:	
ANO DE CONCESIÓN:	IMPORTE SUBVENCIONADO:

Estado de gastos. Xustificantes dos gastos realizados e xustificantes bancarios do seu pagamento:

	CONCEPTO	PROVEDOR/ EMPRESA	Nº FACTURA	IMPORTE
1				
2				
3				
4				
5				
6				
7				
8				
TOTAL				

Estado de ingresos.

	CONCEPTO	ENTIDADE/ EMPRESA	IMPORTE
1	Subvencións doutros entes públicos		
2	Achegas propias do solicitantes (incluído patrocinios)		
3	Subvención concedida polo Concello de Meis		
TOTAL			

(Artigo 19 da Lei Xeral de Subvencións establece no apartado 3 que *o importe das subvencións en ningún caso poderán ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custe da actividade subvencionada*)

DECLARA

A) Que para a actividade _____, foille concedida unha subvención por importe de _____ € e que se realizaron os gastos que se relacionan na conta xustificativa, por importe total de _____.

B) Que se axuntan os xustificantes dos gastos realizados relativos á subvención concedida e que o resto dos xustificantes se atopan na sede da asociación/entidade, á disposición da comisión avaliadora, de ser o caso, para o seu exame.

C) Que os gastos que arriba se detallan son reais e que se aplicaron á finalidade subvencionada.

Asdo.: O/a presidente/a



ANEXO VI: DECLARACIÓN XURADA SOBRE SUBVENCIONS

D/ Dna:

DNI:

Como representante da entidade:

CIF:

DECLARA BAIXO XURAMENTO (sinalar cunha X)

Que a Entidade / Asociación:

___ NON RECIBIU ningún tipo de axuda de ningunha outra entidade pública ou privada para a realización das actividades expostas na memoria explicativa.

___ RECIBIU da entidade pública ou privada a cantidade de ___€ para a realización das actividades expostas, sen que o importe total das subvencións concedidas supere o custo da actividade subvencionada.

ORGANISMO (Entidade pública ou privada)	IMPORTE SOLICITADO	IMPORTE CONCEDIDO

Así mesmo, asume o compromiso de comunicarlle ó Concello de Meis a concesión de calquera tipo de subvención que reciba para calquera das actividades incluídas na memoria explicativa, achegando copia das mesmas.

E, para que conste para os efectos oportunos, asina a presente declaración en Meis, o ___ de _____ de 2023

